



ASOCIACIÓN SINDICAL DE VETERINARIOS
FUNCIONARIOS DA XUNTA DE
GALICIA.



Director Xeral da CRTVG

Alfonso Sánchez Izquierdo

Santiago de Compostela

Estimado director da corporación RTVG,

Dende ASVEF (Asociación de Veterinarios Funcionarios de Galicia) asistimos con gran estupefacción e malestar, sen poder dar creto, á desafortunada intervención e comentarios que fixeron respecto do colectivo veterinario no seu programa "Malicia noticias", emitido o día 11 de maio, da TVG, aínda que pretende ser un "programa de humor".

Solicitamos, polo tanto, unha rectificación inmediata e unha desculpa pública ante a evidente falta de información e descoñecemento demostrado no seu medio de comunicación público, no primeiro lugar, sobre unha profesión como a Veterinaria e, en segundo lugar, acerca das actuacións que están a levar os veterinarios ante esta situación de pandemia e de estado de alarma que en muchos campos están desenvolvendo os profesionais veterinarios

Así mesmo, para o seu coñecemento e transmisión a aqueles que, coa intención de facer hn pouco de humor aínda que con escaso éxito neste caso, fan comentarios desafortunados respecto da profesión veterinaria, indicamoslles que os veterinarios somos o colectivo que máis tempo leva traballando na erradicación e no control de enfermidades transmitidas por animais como é o caso dos coronavirus.

A continuación enumeramos algunhas das nosas tarefas no sector público ante esta pandemia:

-Os Veterinarios clínicos son a nosa primeira barreira de contención no control de enfermidades transmisibles ao home xunto cos veterinarios encargados da vixilancia da produción primaria, pertencentes as Consellerías de Medio Rural e de Mar.

- Os Inspectores Veterinarios de Saúde Pública están considerados como **servizos esenciais** dentro do control desta pandemia controlando e verificando ao longo de toda a cadea alimentaria, o comercio polo miúdo, a industria alimentaria, os matadoiros e as lonxas para poder manter o abastecemento na poboación e que este se realice dun xeito seguro.

- Na nosa Comunidade Autónoma, e en moitas outras, adaptáronse os Laboratorios de Sanidade Animal para a realización dos coñecidos "test PCR" na detección do virus SARS-CoV-II, xa que estas análises fanse en toda a nosa cabana ganadera como unha labor rutineira. Por certo, ustedes foron voceiros desta nova nos seus informativos rexionais, como ben saberá.

- Os Veterinarios tamén forman parte da inspección ambiental de Galicia, tamén declarados como **servizos esenciais** para o control e a xestión correcta dos residuos xerados nos distintos ámbitos sanitarios da loita contra o COVID-19 (os residuos de materiais contaminados, incluídos os EPI- equipos de protección individual-).



ASOCIACIÓN SINDICAL DE VETERINARIOS
FUNCIONARIOS DA XUNTA DE
GALICIA.



Poderíamos enumerarlle tamén a importante labor que cada día realizan os veterinarios clínicos tanto de mascotas coma de animais de produción, para obter produtos axeitados, seguros de de calidade e conseguir un correcto benestar e saúde dos animais e compañía, con grandes resultados, recoñecidos por toda a sociedade excepto, ao parecer para algúns cómicos, que polo visto traballan nun dos seus programas.

Por último, non queremos rematar sen informárlles do lema que rixe a profesión veterinaria: **"HYGIA PECORIS , SALUS POPULI"**, que agora, nesta terrible pandemia que vimos padecendo e na que como a súa probable orixe considérase a transmisión animal-humano e, como en moitas outras enfermidades controladas polos veterinarios, cobra unha especial relevancia.

Supoñemos tamén que un medio de comunicación da importancia de RTVG será coñecedor de que en varios países é un veterinario o máximo responsable do control do COVID-19, ou ben que forman parte do seus Comités de expertos.

Reciban un cordial saúdo dende a Asociación de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia e da Profesión Veterinaria en xeral. Quedamos á espera da súa rectificación e lles desexamos os mellores éxitos profesionais.

13 de maio de 2020.

O Comité executivo de ASVEF

Comité ejecutivo de ASVEF

